

## **SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZ.**

No Concello de Lán cara, sendo as vinte horas trinta minutos do día vinte e nove de xuño de dous mil dez, reúnen se no Salón de Sesió ns o Concello Pleno, para tratar os asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia dos Sres. Concelleiros: D. José Manuel Neira Castro, D. José Manuel Álvarez Rodríguez, D. Andrés Manuel Caballero López , D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. Arturo Sobrado Castr, D. José Manuel García Aldegunde , D. Celestino Rodríguez González, D. Dario A. Piñeiro López e D. Carlos Santiago López Sierra.

Xustifica a súa ausencia D. Carlos Fernández Díaz.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa de Secretario o titular D. José López Castro.

Aberto o acto pola Presidencia ,dase conta dos seguintes asuntos:

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZ.**

**2º.-DECRETOS Nº 70 A 115.**

**3º.-PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL:**

**-RESOLUCIÓN DO 3 DE MARZO DE 2010, DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, POLA QUE SE DECLARA A INVIABILIDADE DO SOMETEMENTO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE LÁNCARA AO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL EXTRATÉXICA.**

**-INFORME DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL**

**4º.-PROPOSTA DOS VOCEIROS DOS GRUPOS POLÍTICOS , SOBRE DIETA CAMIÑO DE MURO.**

**5º.-REAL DECRETO-LEY 8/2010, DE 20 DE MAIO, POLO QUE SE ADOPTAN MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA A REDUCCIÓN DO DEFÍCIT PÚBLICO.**

**6°.-DAR CONTA DA LEI 1/2010, DE MODIFICACIÓN DE DIVERSAS LEIS DE GALICIA PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á DIRECTIVA 2006/123/CE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO, DO 12 DE DECEMBRO DE 2006, RELATIVA AOS SERVIZOS NO MERCADO INTERIOR.**

**7°.-ESCRITO DE JOSÉ VENEGAS ALONSO EN NOME E REPRESENTACIÓN DE CAIXA DE AHORROS DE GALICIA , SOBRE ADXUDICACIÓN PARCELAS E CONSTRUCCIÓN EN PRAIAS DE VALDRIZ.**

**8°.-RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DE JOSÉ LÚIS FERNÁNDEZ DÍAZ DO CHAO – TRALISTE.**

**9°.-PERSOAL: RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS:**

**-ESCRITO DE JOSÉ LUIS VARELA FERNANDEZ.**

**-ESCRITO DE GERARDO SOBRADO VENTOSINOS.**

**-ESCRITO DE ANTONIO SOBRADO CARBALLO.**

**10°.-ESCRITO DE DOMINGO G. ABUIN GARCIA, EN REPRESENTACIÓN DE VISUAL SOPORTS PARA COMUNICACIÓN, S.L., SOBRE PANEIS INFORMATIVOS.**

**11°.-TERRAS DE MIÑO, TROCO DO NOMEAMENTO DE ALCALDE.**

**12°.-ESCRITO DO DIRECTOR DO GREGORIO FERNANDEZ, SOBRE O PREMIO DE NARRACIÓN “IES GREGORIO FERNÁNDEZ”.**

**13°.-RECOÑECIMENTO EXTRA XUDICIAL DE OBRIGAS, EXERCICIO 2009 , PAGOS A REALIZAR CON CARGO Ó ORZAMENTO DO ANO 2010.**

**14°.-FEIRA DE ANO DÍA 1 DE MAIO E FESTA DA TERCEIRA IDADE DÍA 2 DE MAIO:  
GASTOS E INGRESOS.**

**15°.-MOCIONS:**

**-MOCION DO GRUPO DO PARTIDO POPULAR SOBRE:  
REXIETAMENTO AO ANUNCIO DO GOBERNO POLO QUE SE PROPÓN A CONXELACIÓN DAS PENSIÓN**

**16°.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZ.**

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día vinte e sete de abril de dous mil dez, este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

**2º.-DECRETOS Nº 70 A 115.**

Dase conta dos decretos da Alcaldía dende o Nº 70 ó Nº 115, ambos inclusive.

O Pleno por unanimidade dase por enterado de ditos decretos, sin producirse suxerencia algunha.

**3º.-PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL:**

**-RESOLUCIÓN DO 3 DE MARZO DE 2010, DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, POLA QUE SE DECLARA A INVIABILIDADE DO SOMETEMENTO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE LÁNCARA AO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL EXTRATÉXICA.**

**-INFORME DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL**

Vista a resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Visto o informe da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Visto que ambos os dous foron remitidos de forma urxente ó redactor do proxecto.

Polo Sr. Alcalde informase que foron falar coa Directora Xeral de Urbanismo por este asunto un par de veces e na última entrevista, que foi fai uns dez días, quedou de solicitar por escrito a corrección de algun detalles e no referente o da Confederación quedou de ir falar cun Enxeñeiro de Montes que foi quen fixo o informe.

Que segundo a Directora Xeral estaba na súa axenda o aprobalo antes das vacacións.

Acto seguido polo voceiro do PSG-PSOE D. Dario A. Piñeiro López manifesta que hai algún erro que se debería subsanar agora, como é o caso do regato de Toldaos, que se marca pola presa de regar e non por onde está o regato.

O Pleno dase por enterado de ditos acordos.

**4º.-PROPOSTA DOS VOCEIROS DOS GRUPOS POLÍTICOS , SOBRE DIETA CAMIÑO DE MURO.**

Vistas a proposta feita polos voceiros de tódolos grupos políticos.

Visto que tódolos concelleiros que percibiran por erro a dieta por ir o camiño de Muro, xa devolveron todo o proposto na xunta de voceiros.

Sometido o asunto a votación, antes de proceder a esta, polo voceiro do PSG-PSOE D. Dario A. Piñeiro López, manifestas que por parte do Sr. Alcalde debería pedir disculpas pola nota que sacou na prensa, na que dicía que o Sr. Piñeiro debía preocuparse por devolver a dieta, xa que eu xa a teño devolta , así como os demais Concelleiros, e segundo o certificado que emitiu o Secretario eu fun o segundo Concelleiro que devolvín a dieta e que vostede me saque na prensa que era o único Concelleiro que non pagara cando era o único que pagara, polo que me parece lamentable.

Polo Sr. Alcalde manifestalle que el o único que fixo foi contestarlle a unha nota das moita que saca vostede na prensa e quen lle dixo a prensa cando o chamaron que se preocupara de pagar que eu xa pagara, referente os outros Concelleiros non

dixen nada porque non o sabía, polo que a nota de prensa pode decir o que lle de a gana.

Por parte do Sr. Alcalde reiteraselle ó Concelleiro Dario a. Piñeiro, que as cousas defendense, pero con educación.

O Concelleiro Dario A. Piñeiro replica que non é o máis indicado para falar de educación.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Pretar aprobación a proposta dos voceiros, que literalmente di:

“1º.-Que se devolva e se ingrese na conta do Concello as dietas que se pagaron pola Comisión de Muro, e que son as seguintes:

Dario A. Piñeiro López: 90,00 € pola Comisión a 11,00 € kilometraxe.-Total: 101,00 €.

Carlos S. López Sierra:90,00 € pola Comisión e 9,50 € polo kilometraxe.-Total 96,00 €.

Carlos Fernández Díaz:90,00 € pola Comisión e 49,50 por kilometraxe xa que a súa residencia na actualidade é Pobra de San Xiao.-Total 139,50

Eladio Capón López: 150,00 € pola Comisión de Bande a que non asistiu por delegar en José Manuel Neira Castro, e 4,00 € por kilometraxe.-Total:304,00 €

E que se lle abone a José Manuel Neira Castro, a comisión que asitiu a Bande, ou sexa 90,00 euros de Comisión e 4 euros por kilometraxe.-Total :94,00 €

2º.-Que por tódolos señores concelleiros que están percibindo kilometraxe por asistencia a Sesión e Comisións, se faga unha declaración sobre a distancia que hai entre o seu domicilio e a Casa do Concello.

3º.-Que non se percibirá ningunha dieta por asistencia a Comisións, sin que haxa levantada a acta correspondente coa firma dos asistentes a mesma.

4º.-Que para tódolos viaxes oficiais fara do municipio, por asuntos que requiran o desprazamento de un ou varios concelleiros, se faga declaración da viaxe, sexa en vehículo oficial ou en vehículo propio.

5º.-Que esta comisión non sexa pagada como comisión oficial, polo que tódolos asistentes renuncian as dietas da mesma.

6º.-Que se de conta desta Comisión ao Pleno do Concello na primeira Sesión que se celebre, para coñecemento do que aquí se acordou e para a súa ratificación.”

O voceiro do PSG-PSOE Dario A. Piñeiro López, quere que conste en acta que o Sr. Alcalde dice que foi culpa dos medios de comunicación, xa que quere facer chegar unha copia da acta ó medio de comunicación “El Progreso”.

O Sr. Alcalde replica que non nomeu para nada o resto dos Concelleiros, que non falou de culpa de “El Progreso”.

Despois dun intercambio de palabras entre o Sr. Alcalde e o Concelleiro Dario A. Piñeiro, por parte do Sr. Alcalde chamase a orden, xa que de faltar ó respecto verase na obriga de expulsalo do Pleno.

Acto seguido polo voceiro do PSG-PSOE abandona o Salón de Pleno, seguido dos tres Concelleiros do PSG-PSOE.

Continuando a Sesión co resto dos Concelleiros (6).

**5°.-REAL DECRETO-LEY 8/2010, DE 20 DE MAIO, POLO QUE SE ADOPTAN MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA A REDUCCIÓN DO DEFÍCIT PÚBLICO.**

Visto o Real Decreto epigrafiado.

Vista a Resolución de 25 de maio de 2010 da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos, pola que se dictan instrucións en relación coas nóminas.

Vistas as demais disposicións concordantes.

Vista a consulta formulada pola Femp sobre aplicación nas entidades locais do mencionado Real Decreto, ó Ministerio de Economía e Facenda.

Visto a circular informativa remitiada pola Excma. Deputación de Lugo, en relación á aplicación deste Decreto por parte dos Concellos da Provincia

Visto que o artigo 28 non téñen carácter básico, como tampouco o tiña no texto orxinal da LPXE.(LPGE), polo que as entidades locais non están obrigadas a plicar os importes do complemento de destino que fixa este artigo, sempre que se consiga o obxectivo final de redución do 5% global, polo que a cantidade equivalente que debería rebaixarse no complemento de destino, pode facerse noutro complemento ou no concepto da masa salarial.

Visto que o total da redución dos complementos de destino de funcionarios, así como da Traballadora Social, teñen un importe anual de 1.218,08 € .

Visto que este Concello ten dentro da masa salarial de funcionarios a cantidade de 6.782,90 €, sen comprometer.

O Pleno por maioría dos asistentes, (5 de 6), ó absterse o Concelleiro do BNG D. Carlos S. López Sierra.,

ACORDOU:

1°.-Fixar para tódolos funcionarios do Concello, así como para a Traballadora Social, as retribucións básicas recollidas no Real Decreto, así como as cantidades establecidas para a paga de decembro.

2°.-O Complemento de Destino deixalo sen modificar para todo o personal mencionado no apartado anterior, compensando o desconto do mesmo na masa de gratificacións, ó obxecto de cumprir o obxectivo final de redución do 5% global

3°.-Para o complemento específico reducillo na nómina mensual no 5% de todos agas os do grupo “E” que se reducirá no 1%.

4°.-A masa salarial de funcionarios dispoñible para complemento de produtividade a 1 de xuño, reducida no 5%.

5°.-A masa salarial de funcionarios destinada a gratificacións reducila tamen no 5%.

6°.-No referente ó persoal laboral fixo ou de carácter permanente no Concello que supere o 1,5 veces o salario mínimo interprofesional, reducirlle o importe integro que percibe no 5%.

7°.-O persoal de cooperación que remata no mes de xullo en base a que o seu salario está moi próximo ó 1,5 veces o salario mínimo interprofesional, e está subvencionado pola Consellería de Traballo, non reducirilles o salario.

8°.-Para o persoal laboral a tempo parcial prorratear tal como establece o Real Decreto mencionado, descontandolles no que escedan na parte proporcional do 1,5 veces o salario interprofesional o 5%.

9°.-No referente ó persoal a contratar para incendios ó estar estes subvencionados ó 100 € pola Consellería de Medio Rural non aplicarilles esta redución ó ser posterior a contratación a entrada en vigor do Real Decreto 8/2010, ó non ter referencia de salario no mes de maio.

10º.- No referente o persoal que se contrate dentro do programa de Cooperación 2010 ó estar estes subvencionados ó 100% pola Consellería de Traballo, non aplicarllles esta redución ó ser posterior a contratación a entrada en vigor do Real Decreto 8/2010, ó non ter referencia de salario no mes de maio, aplicando ó mesmo criterio ó persoal do Obradoiro de Emprego “Ramón Piñeiro IV” ó entrar en funcionamento o día 30 de xuño.

11º.-As retribucións de todo o persoal o que non se lles aplica a redución, así como aquel que non chega a 1,5 veces o salario mínimo interprofesional, non incluír as retribucións na masa global

12º.-Facultar ó Sr. Alcalde ou persoal en quen delege, para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**6º.-DAR CONTA DA LEI 1/2010, DE MODIFICACIÓN DE DIVERSAS LEIS DE GALICIA PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á DIRECTIVA 2006/123/CE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO, DO 12 DE DECEMBRO DE 2006, RELATIVA AOS SERVIZOS NO MERCADO INTERIOR.**

Vista a Lei 1/2010, de modificación de diversas Leis de Galicia para a súa adaptación á directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa a os servizos no mercado interior.

Visto que como consecuencia da mesma as ordenanzas que se aproben no futuro debese ter en conta esta lei e incluso algunha das ordenanzas deberanse actualizar.

O Pleno por unanimidade dos seus asistentes,

ACORDOU :

Darse por enterado da mesma.

**7º.-ESCRITO DE JOSÉ VENEGAS ALONSO EN NOME E REPRESENTACIÓN DE CAIXA DE AHORROS DE GALICIA , SOBRE ADXUDICACIÓN PARCELAS E CONSTRUCCIÓN EN PRAIAS DE VALDRIZ.**

Visto o escrito epigrafiado.

Visto que a Ubanización Valdriz é necesario e urxente que se poña en total funcionamento o antes posible, para que axa un desenvolvemento racional e adecuado na da zona

O Pleno por unanimidade dos asistentes,

ACORDOU:

1º.-Facilitar ó representantes da Caixa de Aforros toda a documentación da que dispoña o Conceño e lles sexa necesaria para continuar coas obras para terminar as vivendas unifamiliares en construción, así como para construír nos solares onde non hai vivendas en construción.

2º.-Facultar ó Sr. Alcalde ou persoa en quen delege, para levar a cabo tódolos trámites relacinados con este asunto.

**8º.-RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DE JOSÉ LÚIS FERNÁNDEZ DÍAZ DO CHAO – TRALISTE.**

Visto o expediente epigrafiado.

Visto que no núcleo rural de Chao-Traliste, recollido na documentación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, esta construción está en núcleo rural.

Visto que de ser posible unha vez aprobado o Plan Xeral débese intentar legalizar esta vivenda, sempre que sexa legalizable.

Visto que dende o momento que a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística lle comunicou o inicio do expediente, as obras foron totalmente paralizadas e continúan paralizadas.

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

1º.-Darse por enterado da resolución epigrafiada e colaborar en todo aquilo que administrativamente sexa posible dende o Concello.

2º.-Facultar ó Sr. Alcalde ou persoal en quen delege, para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

### **9º.-PERSOAL: RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS:**

#### **-ESCRITO DE JOSÉ LUIS VARELA FERNANDEZ.**

Visto o escrito presentado por D. José Luis Varela Fernández, polo que solicita o recoñecemento de 6 trienios, que cumpre o 02-05-2010.

Visto que os trienios surten efecto económico o día primeiro do mes seguinte ó que se cumpren os trienios.

O Pleno por unanimidade, de tódolos asistentes (6 de 6)

**ACORDOU:**

1º.- Recoñecer o 6 trienio ó operario de servizos múltiples D. José Luis Varela Fernández, con efectos do 01-06-2010, incrementando as retribucións na cuantía mensual de 13,47 €, incluídas as pagas extraordinarias.

2º.-Dar traslado deste acordo ó interesado e a xestoría, encargada e confeccionar as nóminas.

#### **-ESCRITO DE GERARDO SOBRADO VENTOSINOS.**

Visto o escrito presentado por D. Gerardo Sobrado Ventosinos, polo que solicita o recoñecemento do 11 trienio, que cumpre o 09-07-2010.

Visto que os trienios surten efecto económico o día primeiro do mes seguinte ó que se cumpren os trienios.

O Pleno por unanimidade, de tódolos asistentes (6 de 6)

**ACORDOU:**

1º.-Recoñecer o 11 trienio ó administrativo D. Gerardo Sobrado Ventosinos, con efectos do 01-08-2010, incrementando as retribucións na cuantía mensual de 26,31 € e na paga extraordinaria 22,23 €.

#### **-ESCRITO DE ANTONIO SOBRADO CARBALLO.**

Visto o escrito presentado por D. Antonio Sobrado Carballo, polo que solicita que se lle recoñezan 4 trienios a partir do 23-07-2010.

Visto que a relación de traballo con este Concello antes da súa contratación como fixo era nunhas ocasións para tarefas similares e outras distintas.

O Pleno por unanimidade, de tódolos asistentes (6 de 6)

**ACORDOU:**

1º.-Remitir fotocopia dos contratos a Asesoría, para que emita informe ó respecto.

2º.-Unha vez que se dispoña deste informe retomar novamente o asunto polo Pleno.

**10º.-ESCRITO DE DOMINGO G. ABUIN GARCIA, EN REPRESENTACIÓN DE VISUAL SOPORTS PARA COMUNICACIÓN, S.L., SOBRE PANEIS INFORMATIVOS.**

Vista a imposibilidade de localizar ós representante da empresa “Muebles Rey”, xa que os datos que se nos facilitaron pola central da sede na Coruña é imposible comunicar por teléfono con eles, descoñecendo a dirección postal.

O Pleno por unanimidade de tódolos asistentes (6 de 6)

ACORDOU:

1º.-Intentar reclamar a empresa por medio de Buro-Fax ou correo electrónico, para que no prazo de quince días naturais o seus representantes desmantelen a mesma, en caso contrario farao o Concello a súa costa

2º.-No referente o escrito dos representantes de Visual Soports para comunicación, S.L., non resolver en base ó acordado no punto primeiro e a imposibilidade de reubicar os paneis publicitarios.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde, ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**11º.-TERRAS DE MIÑO, TROCO DO NOMEAMENTO DE ALCALDE.**

Visto que dende o 22 de outubro de 2009, ó prosperar a moción de censura houbo troco de Alcalde.

Visto que a persoa que debe representar ó Concello é o Sr. Alcalde.

O Pleno por unanimidade de tódolos asistentes (6 de 6)

ACORDOU:

1º.-Nomear como representante de Terras de Miño ó Sr. Alcalde D. Eladio Capón López., actual Alcalde-Presidente do Concello de Láncara.

2º.-Dar traslado deste acordo a Asociación Terras de Miño.

**12º.-ESCRITO DO DIRECTOR DO GREGORIO FERNANDEZ, SOBRE O PREMIO DE NARRACIÓN “IES GREGORIO FERNÁNDEZ”.**

Visto o escrito presentado polo director do IES Gregorio Fernández , polo que solicita unha subvención económica para o “VII premio de narración “IES Gregorio Fernández”.

Visto que tódolos anos se concede unha subvención de 300,00 €.

O Pleno por unanimidade, dos asistentes (6 de 6),

ACORDOU:

1º.-Conceder unha subvención de 300,00 €, para o premio de narración “IES Gregorio Fernández”.

2º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**13º.-RECOÑECIMIENTO EXTRA XUDICIAL DE OBRIGAS, EJERCICIO 2009 , PAGOS A REALIZAR CON CARGO Ó ORZAMENTO DO AÑO 2010.**

Vista a relación de facturas correspondente ó exercicio 2008 e 2009, pendentes de pago:



**Ano 2008:**

Relación de invitados a comida do premio Ramón Piñeiro “facer pais,  
ano 2008 ..... 1.794,00

**Ano 2009**

Relación de invitados a comida do premio Ramón Piñeiro “facer pais,  
Ano 2009 ..... 1.150,00

Puntos de luz autónomo, exercicio 2009 ..... 600,00

Grupo Revisión Deseño, S.L., CIF:B-15162761, fac. nº 22, pancarta

De lona impresa ..... 1.098,52

Obras e servicios Miguez, S.L., fac. nº 3, tubos e asfaltado,

Pavimentación accesos Touville, Lama, Vilela de Arriba ..... 30.192,25

O Pleno por unanimidade, de tódolos asistentes (6 de 6)

**ACORDOU:**

1º.-Prestar aprobación o pago de tódalas facturas relacionadas, agas a de “Obras e Servicios Miguez, S.L”, fac. nº 3, tubos e asfaltado, Pavimentación accesos Touville, Lama, Vilela de Arriba, 30.192,25, en base a que a obra. “L4 pavimentación accesos Toubille, Lama, Vilela de Arriba”, foi liquidada o 29-06-2009, estando en dita liquidación as obrasn contempladas no proxecto, as obras recollidas na mellora proposta pola empresa (2.251,23 €) e as melloras feitas fora de proxecto e certificadas pola dirección de obra (2.667,64 €), sendo pagadas no exercicio 2009, tanto as certificacións de obras como as de melloras non contempladas no proxecto e tendo entrada a factura nas oficinas do Concello o día 20-10-2009, Nº de rexistro 1908.

2º.-Requerir a empresa Obras e servicios Miguez, S.L, que xustifique o lugar exacto onde estan feitas as obras e colocados os tubos os que fai mencionón na factura, debendo estar esta avalada polo anterior. Alcalde ou Concelleiro do anterior equipo de goberno que lle encargara os traballos.

3º.-Pagar as facturas aprobadas con cargo ó remanente líquido de tesorería.

**14º.-FEIRA DE ANO DÍA 1 DE MAIO E FESTA DA TERCEIRA IDADE DÍA 2 DE MAIO:****GASTOS E INGRESOS.****GASTOS DIA 1 DE MAIO:**

José M. Deiros Fernández, NIF:33.849.223-P, fac. nº 26, porte de

Toros de Acruza ..... 345,00

Logonoa, C.B., CIF:E-27372234, fac. nº 73, 32 comidas persoal

colaborador ..... 271,87

A Voz de Galicia, CIF:A-15000649, fac. nº 7817, publicidade ..... 638,00

Mesón o Pedregal, NIF: E27023373, FAC. Nº 85, comidas de

Vales ..... 684,80

Mesón o Pedregal, NIF: E27023373, FAC. Nº 86, comida festa

Dos xubilados ..... 6.837,30 €

Nova Frigsa, S.A., CIF:A-27199.140, Fac.Nº 7.258, falda tern.

Suministrada ..... 4.054,60

Asociación Cultural de Folclore Galego Andaina, CIF:G-27227800

Factura Nº 55, actuación do grupo de gaitaso día 1-05-10 ..... 500,00

Ganados Abuin, CIF:E-27263334, fac. nº 65, unha ternera para

Sorteo ..... 428,00

Cruz Roja Española, NIF:Q-2866001-G, servicios prestados o

Día dous de maio ..... 450,00

El Progreso, CIF: B-27000637, fac. nº 11004-997, publicidade ..... 696,01

Adarve, CIF:B27289404, fac. nº 182, cuñas de publicidade.....	2.474,16
José Fernández López, CIF:76564958-M, fac. nº 14, actuacións	
Musicais para o día 1 e 2 de maio.....	3.836,00
Jesús López Mateo, NIF:34266211-Y, fac. nº 1004003, navallas	
E espellos .....	1.229,60
Jesús López Mateo, NIF:34266211-Y, fac. nº 1004004, sombreiros	
E pañoletas.....	838,68
Jesús López Mateo, NIF:34266211-Y, fac. nº 1004007, polos .....	105,79
Hermanos López, S.L., CIF:B-15818594,fac. nº 42, fuegos	
Suministrados para o día 1 e 2 de maio .....	696,00
La Voz de Galicia, CIF:A-15000649, fac. nº P10/5747,	
Anuncio feira de ano.....	174,00
135 reses de gando que acudiron a feira a 50,00 € res .....	6.750,00
Pulpería Matilde López, CIF:33803372-L, fac. nº 9, comidas	
Persoal colaborador feira anual .....	279,27
Pulpería Matilde López, CIF:33803372-L, fac. nº 10, 80 vales	
De comidas .....	684,80
Concurso de gando .....	720,00
<b>TOTAL GASTOS.....</b>	<b>32.693,88</b>

#### INGRESOS

Deputación Provincial de Lugo, subvención.....	3.500,00
Subvención de acrug para a carne (aboados a Frigsa.).....	1.000,00
Caixa Rural Galega.....	2.000,00
Ingreso correspondiente a venta de sombreiros, festa da terneira	
Galega, mandamiento de ingresos nº 303.....	144,00
<b>TOTAL INGRESOS.....</b>	<b>6.644,00</b>

O Pleno por unanimidade, de tódolos asistentes (6 de 6)

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación a conta de gastos e ingresos.

2º.-Pagar ditas facturas de gastos con cargo o orzamento do presente ano.

3º.-As empresas e entes colaboradores darlles as grazas.

#### 15º.-MOCIONS:

**-MOCION DO GRUPO DO PARTIDO POPULAR SOBRE:  
REXIETAMENTO AO ANUNCIO DO GOBERNO POLO QUE SE PROPÓN A  
CONXELACIÓN DAS PENSÍONS.**

Vista a Moción epigrafiada.

O Pleno por unanimidade e maioría absoluta , de tódolos asistentes (6 de 11)

ACORDOU:

1º.-Instar ao Goberno da Nación a que elimine as medidas previstas para a supresión da revalorización das pensións contributivas.

2º.-Solicitar que se convoque a Comisión do Pacto de Toledo de modo urxente para renovar os traballos da mesma, a fin de que se acorden por todos os grupos as reformas que sexan necesarias para que se garanta a viabilidade e o futuro do noso sistema de Seguridade Social.

## **16°.-ROGOS E PREGUNTAS.**

### **RUEGOS:**

Polo Concelleiro D. Carlos S. López Sierra Roga que para contratar persoal se faga a mesa de contratación, mesa que debería existir para o Obradoiro de Emprego.

Por parte do Sr. Alcalde respotalle que para o Obradoiro de Emprego a mesa estaba formada por dous representante da Consellería e dous do Concello polo que éra imposible que estiberan os catro grupos políticos que compoñen a Corporación representados.

Reitera o mesmo Concelleiro novamente o da colocación dos sinais da Area Recreativa de Láncara e o Mirador de Outeiro.

Respontandolle o Sr. Alcalde que a que esta arrancada colocarse e para o mirador encargarse un sinal.

E non habendo máis asuntos que tratar dase por rematada a sesión, por orden do Sr. Alcalde, sendo as vinte e unha horas corenta e cinco minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.